

VIERNES, 20 de junio de 2008

REPORTAJE: LUCES

Safo de Lesbos, en galego

Antonio Reigosa recompila cinco contos do antigo Exipto

EL PAÍS | 20 JUN 2008

Archivado en: [Poesía](#) [Cultura clásica](#) [Historia antigua](#) [Literatura](#) [Historia](#) [Cultura](#)

Da man da renacida Edicións Positivas aparece a versión en galego da poesía de Safo de Lesbos. Realizada polo poeta Raúl Gómez Pato, *Cantos e fragmentos* recolle toda a obra conservada da autora grega do século VII a.c. "A obra de Safo, pois, constitúe a fonte máis clara do sentimento erótico que unha muller pode inspirar a outra", escribe na *Introdución* Gómez Pato, "así como a naturalidade coa que dita experiencia se vivía na época arcaica".

De Safo de Lesbos, unha figura que "transita entre o mito e a realidade", apenas se conservan dous poemas completos.

Os restos, os anacos, os versos, as palabras que completan a edición -segue a edición de 1997 establecida por Antonio Aloni en *Safo, Fragmenti-* foron, segundo o tradutor, "determinantes na posterior concepción occidental desta potencia divina" [en referencia a Eros]. Gómez Pato exercera antes a tradución do latín coa edición en galego do bestiario medieval *Libellus de natura animallum*.

O creador da *Enciclopedia Virtual da Fantasía Popular Galega Galicia Encantada*, Antonio Reigosa, atópase detrás d' *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto*, cinco relatos adaptados ao galego e na rúa da man de Edicións Morgante. Reigosa lembra o templo funerario Ramesseum, supostamente erixido polo faraón Ramsés II no século XIV a.c., que contaba cunha "farmacia da alma" ou biblioteca. "Ben podemos considerar que os contos [recompilados no libro] foron considerados no antigo Exipto como medicinas para a alma e para o espírito", relata no limiar.

A pequena edición de Antonio Reigosa inclúe epígrafes documentais nos que explica o proceso de conservación e transmisión dos cinco contos até a actualidade.